

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E A ASOCIACIÓN PARA A DIXITALIZACIÓN DA INDUSTRIA DE GALICIA (DIHGIGAL) PARA A ELABORACIÓN DE DIVERSAS ACTUACIÓNS ASOCIADAS Á PLANIFICACIÓN INDUSTRIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Industria da Consellería de Economía, Industria e Innovación, **DECLARA:**

Que a Consellería de Economía, Industria e Innovación formalizou coa Asociación para a Dixitalización da Industria de Galicia (DIHGIGAL) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 16 de novembro de 2023 ata o 30 de novembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Instrumentar e regular as condicións específicas que rexerán entre a Consellería de Economía, Industria e Innovación e DIHGIGAL para o desenvolvemento das seguintes actividades:

1. Elaboración do Mapa Industrial de Galicia, definindo as súas variables en tres eixos: empresas industriais, territorio e solo industrial. Debe definirse cada variable co grao de detalle suficiente que permita identificar as dimensións relacionadas con cada unha delas, as fontes de información asociadas, a sistemática de recollida de datos, o nivel de automatización, a frecuencia de actualización e os modos de visualización. O desenvolvemento desta actuación servirá para identificar e recoller os datos que permitan a construción do mapa industrial, determinar a arquitectura de datos que lle dea soporte, e identificar os requisitos da sistemática e frecuencia mínima de actualización para a súa posterior dixitalización.
2. Modelo de segmentación a partir das variables definidas no punto anterior e análise DAFO. Deseño de filtros de segmentación que sirvan para obter unha información sectorial, territorial e de solo industrial, co fin de propor medidas de intervención dirixidas a elaborar a información de entrada para conformar o DAFO de situación.
3. Identificación e impulso dunha rede de informantes clave sectoriais e territoriais. Elaboración dunha base de contactos e establecemento dunha liña colaborativa que sirva para recoller información cualitativa sobre as demandas e/ou necesidades do tecido industrial galego. Elaboración duns cuestionarios tipo dirixidos aos informantes sectoriais e territoriais previamente identificados.
4. Definición do cadro de mando de promoción industrial e determinación da sistemática de actualización permanente a partir dos inputs de datos que proveñan de fontes automatizadas e das necesidades da rede de informantes clave.
5. Elaboración de programas estratéxicos sectoriais que inclúan un catálogo de medidas dirixidas a impulsar e fomentar ata un total de catro sectores prioritarios que serán seleccionados segundo os resultados do mapa industrial e/ou atendendo





á súa especial relevancia dentro da economía galega. Estes programas servirán para dar resposta ás necesidades detectadas a través dos informantes clave e, no seu desenvolvemento, teranse en conta os seguintes aspectos: análise do impacto positivo das medidas xa existentes en Galicia e/ou noutros territorios con características socioeconómicas similares; consideración de novas propostas realizadas desde organismos que contan con coñecemento sectorial acreditado; centros tecnolóxicos, universidades ou calquera outra entidade que poida aportar valor engadido na proposta.

6. Proposta de priorización das liñas de actuación vinculadas aos distintos programas estratéxicos sectoriais para a súa valoración desde a Secretaría xeral de Industria.
7. Planificación temporal do desenvolvemento das actividades que se propoñan levar a cabo dentro dos Plans directores dos distintos sectores estratéxicos, establecendo as relacións de dependencias entre estas, fitos de consecución e indicadores de seguimento.
8. Elaboración da estratexia a seguir para dar a coñecer e impulsar o Plan de Promoción industrial de Galicia. Completarase co deseño dun sistema de feedback dirixido a medir o grao de satisfacción dos destinatarios do antedito Plan.
9. Programación e realización de eventos e accións de dinamización dirixidas a difundir o Plan de Promoción Industrial de Galicia. Dentro desta actividade, vaise considerar un desglose por subactividades:
 - 9a, actividades de dinamización realizadas de xaneiro a abril (ambos meses incluídos)
 - 9b, actividades de dinamización realizadas de maio a setembro (ambos meses incluídos).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Asociación para a Dixitalización da Industria de Galicia (en adiante DIHGIGAL), constituída ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, é unha entidade sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar de acordo coa lexislación vixente, e que ten entre os seus obxectivos estratéxicos principais promover unha visión estratéxica industrial a longo prazo orientada á mellora competitiva e ao desenvolvemento sostible.

Ademais, dentro dos seus retos e obxectivos destacan tamén os seguintes: crear un ecosistema colaborativo, aberto e innovador, asegurando a excelencia industrial, mediante a colaboración intersectorial e o desenvolvemento de sinerxías; fomentar a colaboración entre a oferta tecnolóxica e as pemes industriais galegas; apoiar o emprendemento e o desenvolvemento de novos modelos de negocio que fortalezan o ecosistema; colaborar coas administracións públicas para lograr o maior desenvolvemento do ecosistema industrial e tecnolóxico da rexión.

DIHGIGAL está integrada por unha ampla variedade de socios que representan o conxunto do tecido industrial galego desde diferentes ópticas de coñecemento: clústeres, centros tecnolóxicos, universidades e empresas. A súa estrutura interna permítelles acadar unha



visión integral do conxunto da industria galega tendo impulsados ata o de agora un total de 62 proxectos de transformación dixital.

Que, en liña co desenvolvemento, promoción e coordinación da política industrial, promoveuse por parte da Consellería de Economía, Industria e Innovación, en colaboración con DIHGIGAL, a posta en marcha das actividades arriba enumeradas co fin de articular os medios técnicos e humanos necesarios para poder desenvolver os Plans directores dos principais sectores estratéxicos da industria galega.

A Consellería de Economía, Industria e Innovación alcanzará para o financiamento do custo das accións previstas no presente convenio douscentos mil euros (**200.000 €**). Esta cantidade financiarase con cargo á aplicación orzamentaria, código de proxecto e anualidades seguintes:

Código proxecto	Aplicación orzamentaria	2023	2024	TOTAL
2023 00006	05.02.732A.640.8	57.961€	142.039€	200.000€

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital

O secretario xeral de Industria,

Nicolás Vázquez Iglesias

